



Departamento de relación con empresas, estudios e talleres

Documentación do módulo de Formación práctica en empresas, estudos ou talleres para ciclos e graos e que se engadirá na guía do estudante.

1. Descrición

A característica mais saliente deste módulo é que se desenvolve nun ámbito produtivo real (empresa ou institución colaboradora), onde o alumno poderá observar e desempeñar as actividades e funcións propias da súa formación, e ademais coñecer a organización dos procesos produtivos, recibindo en todo momento a orientación e o asesoramento do titor do centro educativo e do titor do centro de traballo.

2. Organización xeral para ciclos

O módulo de Formación práctica en empresas, estudo ou talleres, terá una duración de 150 horas e realizarase ao longo das 12 últimas semanas do ano académico, en función da mellor organización das actividades docentes da escola, da disposición a empresa e da optimización dos períodos de realización. Todo isto sempre e cando o alumno teña superados todo-os módulos pendentes.

En cada ano académico o alumno dispón de unha **convocatoria ordinaria** que coincide co 3º trimestre e outra extraordinaria que se faría no 1º trimestre o ano seguinte.



3. Organización xeral para graos

As Prácticas externas en grao terán unha duración mínima de 250 horas o alumno matricularase ao comezo do ano académico correspondente e disporá de dúas convocatorias. A avaliación da 1º convocatoria será nos 10 días seguintes ao remate de 2º cuatrimestre do ano académico e a 2º convocatoria será nos 10 días seguintes ao remate do 1ºcuatrimestre do seguinte ano académico.

Para poder realizar as prácticas o alumno terá todas as materias superadas, de xeito **excepcional** o xefe/a de estudos poderá autorizar a súa realización, sempre que a suma dos créditos non sexa superior a 18.

Deberase asinar un convenio de colaboración escola/empresa de xeito individualizado. Ao remate do periodo de formación en prácticas o alumno redactará unha memoria de actividades realizadas.

4. Contactos

XEFE DE DEPARTAMENTO

Javier Fernandez Alonso

EASD Antonio Faílde

Javier.fernandez@edu.xunta.es

Avda. Universidade nº 18. 32005 Ourense